

TEA PARTY: REACCIÓN ULTRACONSERVADORA

Manuel Herminio Iglesias

A crenza de que as sociedades, cando gañan espazos de liberdade, non volven ter retrocesos ao longo da súa historia é completamente errónea. Gañar espazos para que o ser humano desenvolva as súas capacidades respectando non só as liberdades formais, foi, e aínda é, unha loita para os desherdados en bastantes países do mundo. Pero o tema do que quero falar é do que pode acontecer naqueles países desenvolvidos onde, por teren esas liberdades dende hai moito tempo, unha clase acomodada amparándose nos chamados dereitos individuais, crea un movemento para reivindicar a eliminación do que chaman o estado opresor. Este movemento ultraconservador e populista que promove o individualismo máis agresivo en aras da liberdade, aínda que cheo de contradicións, empeza a tomar corpo nas sociedades onde existe unha clase social que goza dos mellores niveis de vida do planeta. O Tea Party nace como oposición ao estatismo e nel existen unha amalgama de ideas, moitas contradictorias, pero que teñen a súa base fundamental no antiestatismo e liberalismo do economista austríaco Friedrich Hayek (1899-1982) e no obxetivismo, doutrina individualista e antiestatal de Ayn Rand.

A súa ideoloxía é conservadora, e en moitas expresións ultraconservadora. E dentro do movemento conviven ideas contra emigración e mesmo partidarios de abrir as fronteiras sen límite nin control. Predican a abolición dos impostos sobre a renda, e tamén hai integristas que están contra o aborto e a prohibición de levar armas. O movemento social pretende volver ás orixes e o espírito da revolución americana de Boston de 1773 contra os impostos que a metrópoli inglesa puña pola exportación do té.

Como todo movemento que está nacente arranca cunha grande contradición pois, ao promover o individualismo por riba de todo, está esquecendo dúas cuestións básicas: a primeira sería unha compoñente histórica e tería que darlle contestación á seguinte pregunta: O ser humano como individuo solitario chegaría a ser algo no mundo. A sociedade norteamericana chegaría a ser o que é sen ter unha estrutura social e un Estado coas cargas que con elo conleva? Eu entendo que non. O mundo evolucionou debido á formación de sociedades, de nacións, de estados, de espazos de convivencia e colaboración e tamén de solidariedade. A segunda está referida a demostrar se é posible crear sociedades onde non existan as relacións humanas nin o mantemento duns servizos básicos como a sanidade universal, o dereito a educación e ao ensino gratuíto, o dereito á vivenda, e outros. Creo que, sen ese nexo común, dificilmente habería unha convivencia social e algo que pudiera entenderse como progreso. Polo que, no caso da desaparición dos impostos, racharíase co principio de solidariedade social que é o soporte dos servizos xerais básicos. Racharíase coa convivencia entre as xentes con poderes adquisitivos distintos que son as que conforman as colectividades actuais.

En fin, dixeran ao principio que as liberdades e os dereitos gañados nos países e nacións poden ter retrocesos que en nada beneficiarían á sociedade. Tamén entendo que o liberalismo económico levado a súa máxima expresión traería moitos conflitos, pois agrandaría as diferenzas sociais, e crearía sociedades máis insolidarias e estamentais. Por decilo doutra maneira, volveríamos, en certa medida, a idade media. Por iso creo que o nacemento do Tea Party, aínda que sae á luz confuso e certamente contradictorio, é un movemento ultraconservador, e aínda que a vella Europa é unha sociedade distinta á Ianqui, si se consolida tamén os ventos chegarán a este lado do atlántico e haberá que falar e defender o Estado social e as bondades que este ten na procura da solidariedade entre as xentes do mundo. Esperemos que o Tea party soamente sexa unha reacción contra o presidente Obama. Unha reacción insolidaria nunha sociedade que pensa que perde cotas de liberdade tendo unha sanidade universal, ou dándolle dereitos as minorías que dentro do seu se malviven diariamente.